

Victorino Pérez Prieto, sacerdote, autor do libro «Galegos e Cristiáns»

É demoledor. Afirmo que se a Igrexa non se envolve na lingua e nos problemas do pobo galego, é que «está nas nubes». Comprende o dilema que o aborto supón para unha muller, é partidario dos anticonceptivos artificiais, está disposto a traballar tanto cos crentes como cun ateo se ten bos principios... Pero

sobre todo é nacionalista. Non entende o recelo con que hoxendía se miran os cristiáns e os galeguistas, e no seu último libro demostra que non sempre foi así, e que as cousas poden cambiar. Contra o que se podería chegar a pensar ó coñecer as súas pouco convencionais ideas, Victorino Pérez

séntese feliz de ser sacerdote. E, engade, «sempre me levei ben coa xente, coa xente humilde sempre me entendín». A verdade é que o seu duro enfrontamento dialéctico coa xerarquía por dotar á Igrexa de maior naturalidade non lle impide amosar unha grande ironía e un evidiáble bon humor.

«A Igrexa oficial non está comprometida co pobo»

FERROL. E.D.
Redacción

Victorino Pérez, que naceu en León aínda que leva toda a súa vida en Galicia, chegou hai uns meses a Ferrol, donde se ocupa das parroquias de Santa Mariña, San Pablo e San Xoán. Aporta un dato significativo: reside nas casas sindicais de San Pablo, en Catabois.

—¿Cómo resumiría as conclusións do seu libro?

—O libro ten unha tesis clarísima. Pretende ver de qué maneira na historia de Galicia houbo xente que soubo casar o galeguismo, o amor e o compromiso con Galicia e a súa fe cristián. Dito así, un dí: É a cousa máis normal do mundo. A realidade é outra. A realidade é que os galeguistas desconfían da Igrexa porque a Igrexa desconfía dos galeguistas. Hai un divorcio, cando eu penso que galeguismo e relixión non só podían estar senón debían estar vencelladas. Un cristián co que debe estar comprometido é coa súa realidade concreta. Eu desde aquí poido loitar pouco pola realidade de China. Sobre todo, o cristianismo non é para pensar no ceo, senón na terra; hai que loitar pola xusticia, os dereitos dos explotados. A realidade concreta é a realidade dos pobres de Galicia, dos labregos, dos mariñeiros. Se a Igrexa non se compromete, está nas nubes. A realidade que reflexa este libro é dunha parte da Igrexa comprometida co pobo; en cambio, a maior parte, a máis oficial e que xunta máis xente nos templos non está suficientemente comprometida... O idioma non é cuestión baladí. O 90% dos galegos din entender o galego, entre o 60 e o 70, din que o teñen como primeira lingua. Só o 70% das misas son en galego. Iso é unha ofensa ós galegos.

—¿Cómo pode manter o seu discurso sen problemas coa xerarquía?

—É evidente que o manteño con problemas.

—Entón, ¿cómo sobrevive?

—Aceptando o conflito e sabendo que esta aposta debería ser normal en Galicia, como é en Cataluña ou Euskadi.

—O seu bispo, José Gea, non destaca precisamente polo seu progresismo.

—Este bispo, como a maioría



Victorino Pérez sostén que a tolerancia era o estilo de Xesús e que se hai quen non adora a ningún Deus haberá que ver como camiñar xuntos

«A lingua de Xesús era minoritaria»

Para Vitorino Pérez relixión é tolerancia. «A tolerancia era o estilo de Xesús. E engade: «Xesús de Nazaret non era máis que un galileo. El non falaba hebreo, que era a lingua imperial daquel tempo. Era dunha rexión que tiña mala fama en Palestina e falaba arameo, e con esa lingua pequena e minoritaria chegou a tódolos pobos da terra...». Tolerancia implica respetar sempre ó que practica outra relixión, porque ó fin sempre se ama ó mesmo Deus. «E se hai alguén que non adora a ningún Deus, haberá que ver cómo podemos camiñar xuntos, traballar pola xusticia. Cando nos xuzguen, non será por si éramos católicos ou mahometanos, senón se defendíamos aos débiles e lle dimos de comer ao fomento. Se eu me defino cristián e exploto a un débil, non vou polo mesmo camiño». «Para mín —continúa—, celebrar a fe e participar na eucaristía é participar na transformación do mundo, o que os cristiáns chamamos construír o reino de Deus». As ideas de Victorino

Pérez sobre os temas *estrella* da Igrexa chocan cos prantexamentos da xerarquía. Para el, o aborto «é un drama, sobre todo para a muller, e como tal drama hai que contemplalo». É partidario da anticoncepción: «Planificar a natalidade é unha reponsabilidade de calquer goberno». Sobre o ensino da relixión, coida que se debería explicar «o feito relixioso como feito antropológico, cultural, histórico». Iso sí, non lle parece ben que a alternativa á asignatura de relixión sexan os xogos de entretemento, pero responsabiliza diso á Igrexa, por plantexar mal o problema. Pensa que o celibato dos sacerdotes debe ser opcional e que as mulleres deben ser curas. Respeita ó Papa, e coida que acerta nas cuestións do terceiro mundo, «pero noutras está bastante fóra da realidade do mundo contemporáneo, como o concepto da familia, sexualidade, democracia, sobre todo na Igrexa, dereitos das mulleres...». E ve normal que cada pobo desexa ter un bispo da súa terra.

—¿Bota en falta un gran partido nacionalista moderado?

—Desde a Segunda República o gran vacío que houbo en Galicia foi o dun partido nacionalista moderado que non fora unha sucursal de Madrid. A realidade concreta é que hoxe o espírito político nacionalista está no BNG.

—¿Cómo explicaría vostede conflitos nos que se mezcla a relixión e a política como, por exemplo, o dos Balcanes?

—Isto explicáíao citando textualmente a introducción de meu libro: «Nacionalismo e relixión son un vello binomio que ó longo da historia deu os máis dispares resultados: os meirandes servizos á humanidade concreta de cada pobo e as meirandes aberracións e masacres. Pero hai nacionalismos e nacionalismos, como hai formas e formas de entender a relixión. Hai unha concepción estreita do nacionalismo que leva a unha afirmación particularista e aínda agresiva fronte ós que non son do propio grupo (...); igual que hai unha concepción da relixión que se cre co dereito a desprezar ós que non pensan igual (...). Pero hai unha concepción de relixión baseada na tolerancia e o respecto (...) e hai outro nacionalismo que si ten que ver con este xeito correcto de concibir a relixión; é o nacionalismo que afirma a propia realidade, potenciando e defendendo os propios valores, pero sentíndose irnada de tódolos pobos do mundo, que teñen o mesmo dereito que o propio a ser diferentes».

dos bispos de Galicia, non está comprometido coa realidade galega. ¿Cando falan do paro ou dos problemas dos traballadores? Só lles interesan o aborto e as clases de relixión.

—¿Qué relación tiñan os primeiros galeguistas coa relixión?

—A convivencia de relixión e

galeguismo foi realidade durante os últimos cen anos. Castelao despotricou contra a Igrexa porque era traidora ós seus principios, pero era cristián e morreu cos sacramentos. Pero é realidade hoxe mesmo. Hai xente nacionalista que é cristián, aínda que quizá non atopa partido a que votar.